




# CASTRO DE SAN TOMÉ


Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2017



**Distancia:** 2 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora



Visitamos nesta ocasión un lugar no concello de Ourense, preto da cidade, no que podemos coñecer un pouco da nosa historia pasada, especies vexetais de interese e gozar dunha fermosa panorámica do conxunto urbán e da súa contorna.

Achegámonos a coñecer o castro de San Tomé que se asenta nun resalte, con case 100 m de caída, na parte máis estreita do val do río Loña, nun lugar que pola súa forte pendente e natureza rochosa non ten, nin tivo, aproveitamento agrícola polo que conserva un fermoso bosque con especies mediterráneas propio de zonas máis secas e cálidas do que pola súa latitude lle corresponderían, pero que se desenvolve nesta zona polas especiais condicións ambientais da contorna da cidade de Ourense; un bosque de sobreiras e erbedos con carballos e caxigos (unha especie de carballos pouco comúns en Galiza, máis coñecidos no centro e sur da Península Ibérica) que medran arredor e sobre o espazo que antigamente ocuparon os asentamentos humanos (en distintos momentos ao longo do período castrexo, preto da croa, e na época romana, esporexidos polas abas). As excavacións fixéronse en diferentes lugares, respetando no posible as árbores e creando diferentes espazos nos que seguindo un percorrido sinalizado atopamos paneis explicativos con ilustracións e/ou representacións de cada un dos puntos de interese.

## PERCORRIDO

Desde As Lagoas, onde xa hai sinais indicadoras do conxunto, imos á Lonia de Abaixo e nada máis cruzar o río desvíamonos á dereita ata chegar á Regata, alí collemos o desvío á esquerda, tamén sinalizado, que por Canivelos nos leva a San Tomé, seguindo pola estrada, xusto ao pasar a localidade hai un panel á dereita que indica o lugar, e na curva que hai diante temos sitio para deixar o coche.

Tamén se pode subir camiñando uns 2 km desde o Campus Universitario, un km ata a ponte que cruza o río entre Souto e Mende e outro por un camiño desde Mende ao castro.







Sobreiras



Caxigo (*Quercus faginea*).  
Atópase en áreas de clima  
mediterráneo continental.

